

DETERMINACIÓNS COMÚNS PARA AS ORDENANZAS 11 Á 13-A

- a) Para poder autorizar edificacións no ámbito dos núcleos rurais, incluída a súa área de expansión, deberá executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo ou nas súas proximidades. De non existir, deberán resolverse por medios individuais con cargo ao promotor da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos.

En base a esta determinación, xunto coa solicitude de licenza de edificación ou parcelación, o interesado terá que acreditar mediante conformidade das compañías subministradoras a disposición destes servizos o ben proxectase a súa resolución individual, unha vez que se xustifique que non existen servizos xerais na zona, mediante fosa séptica ou pozo de captación de auga, cumprindo as determinacións do plan xeral respecto das distancias mínimas.

- b) Cando se pretenda construír novas edificacións ou substituír as existentes, os propietarios deberán cederlle gratuitamente ao concello os terreos necesarios para apertura ou regularización do viario preciso e executar, ao seu cargo a conexión cos servizos existentes no núcleo (art. 24.2)
- c) As novas edificacións deberán identificarse coas características propias do lugar e estarán encamiñadas a consolidar a trama rural existente. Manterán as condicións ambientais do núcleo, a morfoloxía do asentamento e a tipoloxía das edificacións do lugar e utilizarán para a súa edificación os materiais, cores e formas construtivas tradicionais e comúns do propio asentamento. En tal sentido, para o acabado das edificacións empregárase a pedra ou outros materiais tradicionais e propios da zona. En casos xustificadas pola calidade arquitectónica da edificación, poderán empregarse outros materiais que harmonicen cos valores naturais, a paisaxe rural e as edificacións tradicionais do contorno.

A carpintería exterior deberá ser de madeira pintada ou de aluminio lacado e con cores acordes co medio rural.(art. 29.1,b)

Co fin de comprobar o cumprimento desta determinación esixírase na Memoria do Proxecto Técnico o desenvolvemento dos argumentos necesarios para xustificar o cumprimento desta determinación, contida tamén no art. 104 “Adaptación ao Ambiente”, e irá acompañada dos correspondentes planos de situación a escala axeitada; asemade calquera outra información gráfica e fotográfica que resulte precisa en apoio do seu contido. (art. 195.4)

- d) O volume máximo das edificacións será similar ao das edificacións tradicionais existentes no núcleo rural. No caso de que resulte imprescindible superalo por esixencias do uso ou actividade, deberase descompoñer en dous ou mais volumes conectados entre si, co fin de adaptar as volumetrías ás tipoloxías tradicionais e propias do medio rural. En todo caso, deberanse

adoptar as medidas correctoras necesarias para garantir o mínimo impacto visual sobre a paisaxe e a mínima alteración do relevo natural dos terreos.

- e) Serán autorizables, as obras de conservación, restauración, rehabilitación ou reconstrución das edificacións tradicionais ou de especial valor arquitectónico existentes no núcleo rural, sempre que non supoñan variación das características esenciais do edificio nin alteración do lugar, do seu volume nin da tipoloxía orixinaria, sen necesidade de cumprir todas as condicións esixidas polo art. 29.
- f) Asemade, serán autorizables, sen necesidade de cumprir as condicións establecidas no art. 29 da Lei 9/02, a instalacións destinadas a invernadoiros de uso exclusivo agrícola que se executen con materiais lixeiros e facilmente desmontables.